



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN PARA SOLICITAR O INICIO DAS XESTIÓNS NECESARIAS PARA A CESIÓ DUN ESPAZO DESTINADO A UN MONUMENTO Á MEMORIA DAS PERSOAS REPRESARIADAS DURANTE O GOLPE DE ESTADO DO ANO 1936 E A GUERRA CIVIL EN TEO

No concello de Teo, como en todo o Estado español, desatouse por parte de grupos fascistas e totalitarios a violencia e a represión sobre persoas por motivos políticos e de opinión a partir do golpe de estado do ano 1936. En moitos casos a violencia exercida de xeito directo por parte destes fanáticos foi a eliminación física dos oponentes, outras o desterro ou a expulsión da vida pública, así como outros sutís xeitos de destruír ás persoas. Non debemos esquecer tampouco que mulleres de Teo foron afeitadas publicamente para castigalas pola súa ideoloxía ou a dos seus parentes.

Quizais a maior ignominia das cometidas nesta barbarie foi a dos desaparecidos. Persoas que non constan en ningún rexistro como xulgadas, nin se atopou nunca o seu corpo, simplemente desapareceron despois dunha detención e cando estaban nas mans das forzas da orde pública. Esta figura, anos despois coñecida por todos pola escalofriante estratexia das dictaduras do cono sur americano durante os anos setenta e oitenta, estivo moi presente neste país durante unha época non moi afastada.

Por todo isto, consideramos importante simbolizar nun monumento colectivo a recuperación social da memoria de todas estas vítimas, así como un recoñecemento ao seu papel social e político nos momentos anteriores ao golpe de estado. Isto, ademais do carácter simbólico, ten como obxectivo facer un desagravio ao sufrimento das familias destas persoas que conviven entre nós con pegadas emocionais producidas por aqueles acontecementos.

A situación proposta para a localización deste fito é a Oliveira, en Picalgaio, na parroquia de Calo, por ser este un dos sitios nos que foron asasinadas mediante o paseo varias persoas, tanto do concello de Teo, como dos de Padrón e Ames. Algunhas delas identificadas polos historiadores e outras aínda sen identificar pola características propias de aquel momento.

Ante a situación descrita e co obxectivo de repoñer algo do perdido durante décadas de esquecemento o Grupo Municipal do BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Realizar ás xestións oportunas para conseguir a cesión do MOPU dun pequeno espazo neste lugar, e a reserva dun espazo no plan xeral de ordenación municipal como dotación comunitaria que evite a destrución futura deste lugar.
2. Permitir a instalación de unha obra en recordo colectivo destas persoas.

En Teo, a 30 de novembro de 2005

Asdo.: Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO